

## Nota informativa: 01/2026

### O Centro de Ensino Atletismo Galego recibe a autorización de Educación para impartir os seus ciclos deportivos de xeito semipresencial

O Centro de Ensino Atletismo Galego recibiu a autorización por parte da Consellería de Educación para implantar a modalidade de formación telemática nas súas titulacións oficiais de Técnicos Deportivos en Atletismo (Formación Profesional de Réxime Especial).

A partir do vindeiro curso, as titulacións de Grao Medio (Ciclo Inicial e Ciclo Final) e de Grao Superior estruturaránse nun formato semipresencial flexible, deseñado especialmente para permitir que atletas, adestradores e profesionais en activo poidan compatibilizar os seus estudos coa práctica deportiva e laboral.

### Estrutura do novo plan formativo

A gran novidade desta autorización é o modelo de distribución da carga lectiva, que reduce drasticamente a necesidade de desprazamentos continuos:

- **70% de formación telemática:** Todo o bloque común, a teoría dos bloques específicos e as titorías realizaranse a través dun campus virtual avanzado, accesible desde calquera lugar.
- **30% de formación presencial:** As sesións prácticas imprescindibles, obradoiros de campo e avaliacións técnicas concentraranse en xornadas intensivas programadas para maximizar o aproveitamento do tempo en pista.



**CEAGA**  
CENTRO DE ENSINO  
ATLETISMO GALEGO  
Centro autorizado pola Xunta de Galicia

**INSCRIPCIÓN  
PROBAS ACCESO  
CICLO INICIAL  
TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO**

**1 LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**  
As solicitudes poden presentarse nas oficinas administrativas dos seguintes centros públicos adscritos:  
• IES As Barxas (Moaña, Pontevedra): Centro principal de matrícula e exame onde se realiza a proba física.  
• IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo): Centro autorizado excepcionalmente para tramitar e presentar solicitudes.

**2 PRAZO DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**  
O prazo de solicitude para a proba específica de nivel intermedio está aberto desde o día seguinte á publicación da convocatoria no DOG ata o 25 de xuño de 2026, ambas as datas incluídas.

**3 CALENDARIO E LUGAR DA PROBA ESPECÍFICA**  
Data: 17 de Xullo de 2026  
Hora: as 10:00 horas  
Lugar de realización probas: Pista de atletismo A. Xunqueira (Avenida Porta do Sol, s/n, Moaña)

Probas físicas a realizar: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/1526>

As persoas matriculadas deberán cumprimentar o seguinte formulario <https://forms.gle/Lr53g0TRVz4sAJR7> en aras de que o Centro de Ensino Atletismo Galego, en adiante CEAGA, poida comencialas no paso a seguir en materia de formalización de matrícula. Recordase que a documentación da matrícula realizada nos centros autorizados da Xunta de Galicia, deberá enviarse por e-mail a [ensino@atletismo.gal](mailto:ensino@atletismo.gal)

Envío da documentación da matrícula a: [ensino@atletismo.gal](mailto:ensino@atletismo.gal)

A realización do Ciclo Inicial, queda supeditada a autorización de formación telemática por parte da Consellería de Educación, realizando da seguinte maneira a formación **70% telemática, 30% presencial.**

**FORMA O TEU FUTURO. VIVE O ATLETISMO!**

## Titulacións oficiais autorizadas

A autorización da Xunta de Galicia ampara a oferta completa da pirámide formativa do atletismo:

### Ciclo Medio (Técnico Deportivo en Atletismo)

- **Ciclo Inicial:** Centrado na iniciación deportiva, o desenvolvemento das habilidades motrices básicas e a condución de sesións de atletismo en etapas temperás.
- **Ciclo Final:** Enfocado no perfeccionamento técnico, o adestramento de rendemento medio e a organización de escolas de atletismo.

### Ciclo Superior (Técnico Deportivo Superior en Atletismo)

- **Grao Superior:** Dirixido á alta competición, a planificación do alto rendemento físico e técnico, e a dirección de equipos ou núcleos de adestramento especializados.

Recoñecemento oficial: Ao tratarse de titulacións oficiais de Formación Profesional, os diplomas expedidos teñen validez académica e profesional en todo o territorio nacional, permitindo tanto o acceso ao mercado laboral como a continuidade de estudos superiores universitarios.

Con este paso, o Centro de Ensino Atletismo Galego consolídase como o referente na formación dos futuros técnicos do atletismo na comunidade, adaptando a esixencia académica ás novas contornas dixitais.

MIGUEZ  
MORENO  
ALMUDEN  
A -  
47361735C

Firmado  
digitalmente por  
MIGUEZ  
MORENO  
ALMUDENA -  
47361735C  
Fecha: 2026.06.10  
14:53:23 +02'00'

Almudena Míguez Moreno

Secretaria Centro Ensinanzas Deportivas

(CAD) Atletismo Galego